

LUDITARDE

CURSO 2019/2020



"Enseñar no es transferir el conocimiento, sino crear las posibilidades para su propia producción o construcción".

Paulo Freire

Programa subvencionado polo Concello da Coruña



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña


CORUÑA
EDUCACIÓN

coruna.gal



LUDITARDE

CURSO 2019/2020



Luditarde é un programa de animación sociocultural que aposta por un ocio de calidade, dende unha perspectiva educativa de lecer a través de actividades multidisciplinares. A socialización, os valores, o entorno urbán, o pensamento crítico, a variedade de propostas, o deporte e o xogo, conforman o eixo deste programa de ocio.

Programa subvencionado polo Concello da Coruña



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
EDUCACIÓN

coruna.gal



QUE É LUDITARDE

Luditarde é un programa que, baixo o principio e a pedagogía do ocio, pon en práctica un paquete global de actividades relacionadas cun centro de interese urbán, con algunha situación relevante ou ligado a temas transversais (educación vial, para a paz, para a saúde, medio ambiental, cívica...) a partires dos cales desenvolveránse as distintas áreas de contido:

Animación Teatral, Animación á Lectura, Lóxica Matemática - Xadrez, Producións Plásticas, Música, Actividades Motrices e/ou Deportivas e Novas Tecnoloxías.

OBXECTIVOS

- Xerar aficións e espertar sensibilidades a través de diferentes actividades multidisciplinares (culturais e deportivas).
- Fomentar a socialización e a convivencia entre os nenos/as do mesmo ou diferente grupo, respectando aos demais e atendendo así, a diversidade e tolerancia.
- Desenvolver actitudes, asumir valores persoais e sociais, e respectar as normas de convivencia.
- Divertirse vivenciando de maneira activa, diferentes propostas que atendan as inquiredanzas e intereses dos nenos/as.
- Espertar o espírito crítico e reflexivo, afrontando de maneira activa, unha actitude ante a realidade que os rodea, con valores llibremente asumidos.

ACTIVIDADES

Nas actividades que se desenvolven en Luditarde abórdanse os seguintes contidos: Animación Teatral, Expresión Musical, Animación á Lectura, Lóxica Matemática- Xadrez, Expresión Artística, Novas Tecnoloxías, Psicomotricidade-Predeporte.

A práctica deportiva ten especial relevancia dentro do programa, por iso ten unha maior carga horaria ao longo da semana.

As prácticas deportivas para este curso 2019-20 serán: BALONCES-TO, ATLETISMO E MINIHOKEY.

DESTINATARIOS

Esta proposta vai dirixida a escolares de Educación Infantil e Primaria matriculados no centro. A distribución de grupos farase por tramos de idade segundo o número de participantes.

CANDO E ONDE

Luditarde propón un horario que favoreza a conciliación da vida familiar, social e laboral, permitindo a prolongación da xornada escolar dos menores.

As actividades faranse de luns a vernes e de 16:00 a 18:00 horas, no propio centro ao que pertenza o escolar.

A actividade comezará o 1 de outubro e rematará o 29 de maio.

INSCRICION

PRAZO DE INSCRICIÓN	LUGAR DE INSCRICIÓN	COMUNICACIÓN DE BAIXA
DO 2 AO 20 DE SETEMBRO DO 2019	ANPA DO CENTRO EDUCATIVO	ANTES DO 22 CADA MES NA ANPA DO CENTRO EDUCATIVO

COTAS

As cotas inclúen todo o material preciso para o desenvolvemento das actividades.

INDIVIDUAL	32,00 €/mes*
2 FILLOS.....	51,20 €/mes*
3 FILLOS.....	67,20 €/mes*
4 FILLOS.....	76,80 €/mes*

** Cada participante aboará no momento da inscrición a cantidade 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lle dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de ANPAs para o curso 19-20.*

EQUIPO EDUCATIVO

Os educadores deste programa son profesionais cuia formación académica parte da área de educación, e complementase con formación específica no campo do Ocio e o Tempo de lecer.

MÁIS INFORMACIÓN

- FED. PROV. DE ANPAS: Tfno. 981202002;e-mail: ocio@fedapascoruna.org
- ANPA do propio centro.